

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA CATRO DE MAIO DE DOUS MIL QUINCE: - - - - -

PRESIDENTE:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguín Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**

NON ASISTEN:

- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**
- D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)**

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día catro de maio de dous mil quince, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A **Sra. Alcaldesa** desculpou a ausencia das **Sras. Gonzalez Serén e Freijeiro Vázquez**, por razóns laborais e do **Sr. Rodríguez Lorenzo**, por cuestións de saúde.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN PLENARIA DO 20 DE XANEIRO DE 2015 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLÍGONO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLÚIDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL-VILALONGA-SANXENXO. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do **29 de abril de 2015** sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que houbo alegacións respecto da titularidade e superficie das parcelas e tamén solicitando a expropiación da totalidade dalgún dos terreos afectados, ao quedar antieconómico o sobrante, incluíndo algún caso no que a parcela resultante carecería de acceso, sinalando que agardaba que estas peticións se reflectisen á hora de fixar o prezo xusto e indicando que ía votar a favor da proposta.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que ían manter o voto de abstención da comisión informativa, aínda que tiña lóxica que nalgúns casos a expropiación fose pola totalidade da parcela.

A **Sra. Deza Martínez**, voceira do **Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou respecto do manifestado sobre os efectos da expropiación nalgunhas parcelas, no sentido de que estas quedasen sen acceso, que esta situación tan só afectaba a unha parcela e que se emendaba co proxecto de urbanización.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar a desestimación dos recursos de reposición formulados fronte ó Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada en data 20 de xaneiro de 2015, polo que se prestou aprobación definitiva ao **PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLÍGONO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL – VILALONGA – SANXENXO**, en base ao informe emitido polo Técnico competente na data do 23 de abril de 2015.

SEGUNDO: Acordar a estimación parcial do recurso de reposición formulado por **D. Guillermo Dopazo García**, (registro entrada nº 1002), contra o mesmo Acordo do 20 de xaneiro de 2015, nos termos nos que se manifesta o informe do Técnico competente, emitido o 23 de abril de 2015.

TERCEIRO: Acordar a modificación do **PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLÍGONO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL – VILALONGA – SANXENXO**, adaptándoa aos termos da estimación parcial do recurso de reposición formulado por D. Guillermo Dopazo García, e no senso de modificar a ficha individualizada nº 2 no atribuíndo a titularidade ao recorrente e modificar o Plano Parcelario e de Afeccións, tamén modificando tamén a titularidade (axúntase ficha e plano autorizado e ficha e plano coa modificación a efectuar), en segundo lugar a modificación da titularidade da finca nº 2 (parcela catastral 486 polígono 40), no expediente de expropiación forzosa, entendendo todos os trámites a realizar co novo propietario.-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO EN O REVEL-PARROQUIA DE VILALONGA-SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 29 de abril de 2015 sobre esta proposta.

A Sra alcaldesa explicou que non se ía utilizar a totalidade do prazo de tres meses. pero que dadas as datas de notificación, preferiuse adoptar este acordo para evitar problemas de tramitación.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que este acordo se adoptaba por precaución e estaban de acordo co mesmo.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que ían votar a favor desta proposta.

Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adopándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Ampliar o prazo de resolución e notificación do procedemento de aprobación do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do plan especial de infraestruturas e dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel, parroquia de Vilalonga, por tres meses mais, contados dende o 09 de maio de 2015, ao abeiro do disposto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SEGUNDO: Notificar o Acordo Plenario aos interesados no expediente.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a **Sra. Presidenta** dá por finalizada a sesión, sendo as nove horas e cuarenta e dous minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**